

DECRETO

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e tendo en conta o disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA e URXENTE** do **Excmo. Concello Pleno**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **xoves, día 16 de abril, ás 17:00 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día:

1/35 RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2/36 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: SUPLEMENTO DE CRÉDITO/CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM.1/2020

3/37 DACION DE CONTA E RATIFICACION POLO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDIA DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 4/2020, 5/2020, 6/2020 E 7/2020.

4/38 DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2019.

5/39 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCION DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS AOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL ANUALIDADE 2019.

6/40 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 08/04/2020 POLO QUE SE APROBA O “PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2020-2022, DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, ACTUALIZACIÓN ANUALIDADE 2020.

7/41 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO “PLAN REANIMA LUGO”, DE IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID19.

8/42 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE A CELEBRACIÓN DO ÚLTIMO PLENO ORDINARIO, CELEBRADO O 27 DE FEBREIRO DE 2020, E RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3444950527598087947.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE PARA O 16-4-2020

Xustifícase a celebración do Pleno a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de conformidade co artigo 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polas especiais circunstancias de forza maior e risco colectivo que implica o estado de alarma declarado por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, en relación coa crise sanitaria do COVID-2019, que impide o normal funcionamento das sesións presenciais deste órgano colexiado.

Xustifícase o carácter extraordinario e urxente da convocatoria, pola necesidade de aprobar canto antes o expediente de modificación orzamentaria para habilitar os créditos necesarios para facer fronte as axudas económicas para paliar a situación xerada pola crise sanitaria do COVID-2019, así como para dar conta ao Pleno e ratificar expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos aprobados pola alcaldía.

A presente convocatoria deberá serlles remitida por correo electrónico aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, así como a documentación dos asuntos incluídos na orde do día. No caso de que, por calquera circunstancia, non puideran participar, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.